



Data Registro **12/03/2018 17:45:39**
Nº Registro: **2018004518**

SAIDA

CCR/Ra/AI

Teño a ben remitir acordo adoptado polo Pleno desta Deputación Provincial en sesión ordinaria, de data 23 de febreiro de 2018, en relación con “Moción do Grupo Provincial Mixto (Coalición Electoral Son) para impulsar políticas de benestar animal e convivencia”.

Pontevedra, 12 de marzo de 2018

A Presidenta,



FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)
Rúa Varsovia, 4C, 6º andar-Área Central
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA



Data Rexistro: 12/03/2018 09:38:35
Nº Rexistro: 2018004443

SAIDA

CCR/Ra/Al.

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión, ordinaria, do día 23 de febreiro de 2018 adoptou, entre outros, este acordo:

14.7085.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL MIXTO (COALICIÓN ELECTORAL SON) PARA IMPULSAR POLÍTICAS DE BENESTAR ANIMAL E CONVIVENCIA

Visto o ditame da Comisión Informativa de Medio e Desenvolvemento Sostible, do día 20 de febreiro de 2018, no que se ditamina favorablemente o contido da Moción do Grupo Mixto (Coalición Electoral SON) para impulsar políticas de benestar animal e convivencia”, e aceptada a emenda do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) no que propón engadir o parágrafo que figura no punto dous, o Pleno acorda por unanimidade aprobar a Moción do Grupo Provincial Mixto (Coalición Electoral SON) para impulsar políticas de benestar animal e convivencia.

Dita Moción é como segue:

“A recente aprobación da Lei de Benestar Animal polo Parlamento de Galicia e a falta dunha consignación orzamentaria mínima por parte do executivo autonómico evidencia unha vez máis a necesidade de establecer normas locais adaptadas aos tempos, ás demandas veciñais e ao interese da protección dos animais xunto cunha convivencia responsable.

A nova Lei autonómica avanza nalgúns aspectos fundamentais, reclamacións que viñan sendo continuadas por parte das entidades protectoras e dos colectivos que, como Libera! advirten sobre un abandono animal que non deixa de medrar e que non recibe resposta precisa dende o conxunto dos poderes públicos.

Tamén, non é menos certo, que a derivación de competencias nesta materia dende a Xunta, aos Concellos e ás Deputacións, colocando aos gobernos locais nunha situación complexa, xa que teñen que aplicar as disposicións, algunhas moi novidasas, como o ‘sacrificio cero’ ou a prohibición de encadenamento continuado, sen dispoñer dun investimento por parte da administración galega.

Só cunha remuda profunda da conciencia cidadá se poderá chegar a unha Deputación máis amigable e responsable cos animais, con taxas practicamente nulas de abandono e con casos moi puntuais de crueldade, pero aplicar a Lei de Benestar Animal nos vindeiros meses esixirá unha resposta económica da Xunta, que dote á Deputación de medios mínimos para afrontar o seu articulado con garantías.

A Xunta ten a obriga de apoiar ás administracións que están a asumir a práctica totalidade dunha batalla, o abandono e o maltrato, para o cal non se consignan suficientes recursos.

E por iso propomos:

1. Instar á Xunta de Galicia a consignar os recursos orzamentarios necesarios para garantir a aplicación correcta da Lei de Benestar Animal de Galicia, así como o apoio técnico preciso para implementar as súas disposicións.
2. Instar á Fegamp a que coordine a defensa da Administración local de Galicia contra as leis que obrigan aos concellos a asumir custes para o desenvolvemento de competencias que son propias da Xunta de Galicia, mediante o exercicio das accións administrativas ou xudiciais que no seu caso correspondan contra ditas leis ou os seus actos de aplicación, ou no seu defecto que obligue a que se transfiran por parte da administración autonómica os recursos que permitan implementar as obrigas que se contemplan nesas leis.”

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 9 de marzo de 2018

O Secretario,



Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa e, todo iso, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).-